

A UNIVERSIDADE DE VIGO CONFIRMA O DESPEDIMENTO DE 55 PROFESORES CONTRATADOS MALIA AS PROMESAS ELECTORAIS DE DOMINGO DOCAMPO

O DATO CONTRASTA CO DAS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CORUÑA, ONDE NON SE DESPEDIU A NINGUÉN TRAS O ACORDO COAS CENTRAIS SINDICAIS

A vicerrectora de Ordenación Académica e Profesorado, Margarita Estévez Toranzo, afirmou na sesión do Consello de Goberno do 17 de setembro pasado, que esa era a cifra de profesores despedidos. O rector da universidade quitoulle importancia ó dato porque “só reclamaron tres profesores afectados”, entre eles, a profesora Mari A. Lires, como se recolle en senllos artigos deste número e máis do de xullo-agosto do DG.

Este comentario do rector mereceu a repulsa da representante estudiantil Patricia Corbacho, quen reclamou respecto para estes profesores que non se poden defender; no mesmo senso interveu Manuel Ramos (profesor de Telecomunicacións); sen embargo, Pedro Membiela e Enrique Costas, representantes destacados da CIG na Xunta de Persoal, non fixeron ningún comentario ó respecto.

Para CC.OO., o despedimento de profesores na Universidade de Vigo é absolutamente inadmisíble. O responsable desta universidade, malia as peticións de negociación das centrais sindicais, para que sexa aplicado o Plan de Estabilidade e Promoción do profesorado (PEP), actuou pola súa conta e coa actitude de feitos consumados: antes de se ter aprobado a LOU, funcionarizou uns poucos profesores —non a todos os que estaban en disposición de selo—, creou cátedras para outros poucos e deixou pendentes dun fío ós máis; fío que, agora, lles acaba de cortar dramaticamente a estes 50 profesores que non teñen máis culpa que a política errática e clientelar deste rector.

Cómpre lembrar, unha vez máis, que os despedimentos non están xustificadas; pola contra, hai financiamento e razóns académicas sobradas para non os levar adiante. En efecto, como xa temos repetido, esta institución recibiu, a través do PEP, moitos millóns de pesetas (exactamente algo máis de 550 millóns de pesetas para o período 2000 a 2003) para que todos os profesores contratados con dedicación exclusiva tivesen unha praza estable. As razóns académicas radican en que, a pesar de todo o que se diga, a Universidade de Vigo ten un número de profesores moi baixo: a relación entre o número de profesores e o número de alumnos é das máis baixas do sistema universitario, asemade ter un dos índices de precariedade máis elevados. Para colmo, a LOU posibilita que a dedicación do profesorado non estea condicionada, de xeito exclusivo, na carga docente.

Na xuntanza que tivemos as centrais sindicais CC.OO., CIG e UGT ese mesmo día 17 de setembro con Domingo Docampo e Margarita Estévez, para falarmos da contratación laboral dos profesores para curso 02/03, o rector gabouse das garantías de estabilidade e carreira académica do profesorado desta universidade, exemplares e inigualables, segundo el, polas outras universidades galegas e mesmo do resto do estado. Á luz dos despedimentos aquí denunciados, esta actitude resulta insoportable mesmo para unha universidade tan *cainita* coma esta. Efectivamente, constitúe un exemplo inigualable polo número de contratos non renovados e contrasta coa Universidade de Santiago, onde a vontade negociadora do rector coas centrais sindicais fixo e segue facendo que se manteñan os postos de traballo do profesorado contratado. Ata na Universidade da Coruña, cun rector tan pouco proclive ós pactos sindicais, deron chegado a un acordo coas centrais sindicais para que todos os vencementos de contratos neste curso se renovasen conforme coa LOU.

Aínda así, confiamos en que se poida negociar un plan de estabilidade consecuente co novo marco legal establecido na LOU.

Máis información, neste mesmo número do GD, no artigo “Victoria Moral da profesora Álvarez Lires”, e no GD de xullo-agosto, no artigo “A Universidade de Vigo empeza a despedir profesores contratados e de xeito irregular”.